

¡CONTAMOS

MOITO!

Hora de ler

Campaña de fomento da lectura. Educación Infantil.

¡CONTAMOS

MOITO!

Guía para o profesorado



**Contamos moito** é o nome do material que, dentro da campaña **Hora de ler**, foi deseñado especificamente para as nenas e nenos de educación infantil no tramo dos 3 aos 6 anos.

Trátase dunha carpetiña para lle entregar a cada neno e a cada nena. Estas carpetas conteñen, entre outros, os seguintes materiais:

- Unha serie de 7 folletos informativos para as familias, que tentan responder cuestións relacionadas co fomento do hábito lector no fogar e na escola.
- Un libriño que permita elaborar co neno ou coa nena un álbum de lembranzas das súas primeiras lecturas.

Os contidos desta campaña van dirixidos, sobre todo, ao ámbito familiar e preténdese que sexan un apoio nesa reivindicación, tantas veces feita pola escola, da necesaria implicación dos pais no desenvolvemento do hábito lector dos seus fillos. Quere ser unha contribución do centro educativo aos fogares nesa tarefa de lles achegar aos pequenos a ledicia de escoitar, contar, observar... **ler**.

A canle para facer chegar este material ás familias debe ser, por tanto, a escola. O traballo que dende hai tempo se está a facer nos centros escolares no ámbito do fomento da lectura, favorece que a implicación do profesorado nesta fase da campaña vaia moito máis aló do mero reparto de materiais. Quizais só contando coa intervención e a complicidade dos profesionais facendo labores de mediación entre carpeta e familia, poida o neno ou a nena tirar o máximo proveito deste material.

**Edita:** Xunta de Galicia. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa. **Ilustración:** Óscar Villán. **Idea e textos:** Colectivo Acatrotintas: Mayte Leis, Cristina Novoa, Magdalena de Rojas, Juana Vázquez. **Impresión:** Tórculo Artes Gráficas, S.A. **D.L.:** C 631-2007

## Os folletos para as familias

A partir de sete cuestións (que ler, como ler, onde ler, cando ler...) inténtase ofrecerlles claves aos pais e sensibilizalos na importancia do seu papel para axudar a desenvolver nos seus fillos o hábito da lectura.

Escolleuse o formato de folletos independentes para facilitar a lectura destes en calquera momento e evitar de primeiras unha sobrecarga de información. Partindo dunha filosofía común, cada folleto aborda o feito lector dende unha perspectiva distinta; preséntanse numerados e recoméndase facer a lectura na orde correspondente, aínda que non ten que realizarse necesariamente de vez.

### Algunhas suxestións

A súa entrega pode ser unha oportunidade máis para falar coas familias sobre a lectura, para salientar, por exemplo, que ámbitos deben ser compartidos coa escola e cales son máis específicos do ámbito da casa; para animalos na súa función de lectores cos seus fillos... Así, á hora de achegarlles o material, haberían varias posibilidades:

- Manter unha reunión inicial e/ou enviar unha nota explicativa dos contidos que se lles achegan.
- Programar algunha outra sesión con eles, nas que se pode:
  - Comentar e debater algún aspecto da información recollida nesta publicación.
  - Presentar algún dos libros máis celebrados polos nenos na aula.
  - Amosarlles diferentes tipos de lecturas: contos clásicos, álbums ilustrados, libros de poesía, libros informativos propios destas idades...

## O libro dos meus libros

Pretende ser un álbum de lembranzas que axude a establecer lazos afectivos entre o neno ou a nena e as súas primeiras lecturas (e mesmo entre os pais e o seu papel de lectores con eles), partindo da premisa de que o hábito lector non pode xurdir pola forza, sen que haxa un desexo de ler e sen que se esperte un afecto cara aos libros.

Indubidablemente, o feito de elaborar este álbum na casa supón un esforzo para as familias que, sen a motivación necesaria, moitos non asumirán. O empuxe da escola avivando, por exemplo, a ilusión dos pequenos por facelo, pode ser determinante nesta cuestión.

### Algunhas suxestións

O libriño leva unhas páxinas finais con algunhas suxestións, nas que se ofrecen as claves para elaboralo e nas que se explican os seus distintos apartados. Así mesmo, procúrase transmitir a idea de que non é necesario posuír ningunha formación especial para poder elaboralo: todos somos quen de facer un álbum de fotos dos nosos fillos poñendo nel algunha anotación. Se cadra, nesa reunión inicial ou nota explicativa conviría recalcar esta e outras ideas:

- Non se trata de escribir grandes textos, só de facer algo recoñecible e motivador para o pequeno lector.
- As portadas dos libros “especiais” deberían estar presentes, xa que lles achegan moita información aos pequenos.
- O libriño leva un apartado para elaborar na escola e que lles pode servir de mostra ás familias de como facer algo sinxelo, pero gratificante, para os nenos.
- O diploma final que os pequenos lles outorgan aos seus lectores tamén podería ser cuberto no colexio. O libriño pode ir e vir da casa á escola nalgunha ocasión e non é necesario que estea finalizado para encher esta páxina; é un material para elaborar sen prásas, en semanas ou meses.

## Recursos de interese para o profesorado

- Bryant, Sara C.: *El arte de contar cuentos*, Barcelona: Hogar del libro, 1993
- Colomer, Teresa: *La formación del lector literario*, Madrid: Fundación Germán Sánchez Ruipérez, 1998
- Duran, Teresa: *Leer antes de leer*, Madrid: Anaya 2002
- Equipo Peonza: *El rumor de la lectura*, Madrid: Anaya, 2001
- Marina, José Antonio e De la Válgoma, María: *La magia de leer*, Barcelona: Plaza & Janés, 2005
- <http://www.edu.xunta.es/portal> Portal Educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (Sección Bibliotecas Escolares)
- <http://www.edu.xunta.es/biblioteca/> Guía para a selección de fondos documentais nas bibliotecas de infantil e primaria. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- <http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/> Páxina de acceso aos catálogos das bibliotecas escolares e públicas integradas na rede Meiga. Consellería de Cultura e Deporte.
- <http://www.filix.org> Literatura infantil e xuvenil en galego
- <http://www.sol-e.com> Portal de literatura infantil e xuvenil, a cargo da Fundación Germán Sánchez Ruipérez

**Os ananiños son os pais que choran. Quedaron enfeitizados por eses príncipes e princesas de ouro que son todos os nenos, e saben que antes ou despois terán que deixalos partir. Por iso os contos tamén son bos para eles. Sérvenlles para preparamos ante a dor que inevitablemente sentirán cando os vexan medrar.**

Gustavo Martín Garzo